



A II GUERRA MUNDIAL



Soldados americanos chegando á praia Omaha (autor descoñecido-dominio público)



ÍNDICE

A II GUERRA MUNDIAL

1. O CAMIÑO CARA Á GUERRA. AS CAUSAS DA II GUERRA MUNDIAL.....	1
<i>Exercicios</i>	3
2. CARACTERÍSTICAS XERAIS E DESENVOLVEMENTO DO CONFLITO.....	4
As ofensivas do Eixo (1939-1941).....	5
O punto de inflexión do conflito (1942 e comezos de 1943).....	6
As ofensivas aliadas e a fin da guerra (1943-1945).....	6
<i>Exercicios</i>	7
3. A ORGANIZACIÓN DA PAZ E AS CONSECUCIÓNS DO CONFLITO.....	8
<i>Exercicios</i>	9
SOLUCIÓNS.....	10

1. O CAMIÑO CARA Á GUERRA. AS CAUSAS DA II GUERRA MUNDIAL

As orixes da II Guerra Mundial son complexas e interrelacionadas entre si. Algunhas, como a crise das democracias e o auxe dos totalitarismos, así como o crac de 1929, xa foron abordados de maneira independente en temas anteriores. O que está claro é que, unha vez entrados na década de 1930, os intentos para xestionar as relacións políticas internacionais de xeito pacífico que supuxeran tanto a creación da Sociedade das Nacións como o Tratado de Locarno, van acabar saltando polos aires. Neste momento, no contexto da gran depresión económica que seguiu ao crac da bolsa de 1929, as solucións extremas van ser presentadas como unha alternativa viable, alimentando a militarización da sociedade e o expansionismo agresivo. Así, e ante a pasividade das potencias democráticas occidentais, a tensión política internacional irá crescendo ata acabar desencadeando a II Guerra Mundial.

1.1. A debilidade das democracias ante o expansionismo de Xapón, Alemaña e Italia

As primeiras manifestacións da procura de solucións para a crise económica a través do expansionismo agresivo imos atopalas a comezos da década de 1930 no Extremo Oriente. No ano 1931 Xapón buscará mellorar a súa situación á conta de China, ocupando a rexión de Manchuria e creando alí posteriormente un estado satélite denominado Manchukuo. O seu obxectivo final era moito máis ambicioso, xa que realmente aspiraba a controlar todo o sueste asiático, algo que progresivamente irá conseguindo ante a pasividade da Sociedade das Nacións.

En Alemaña, coa chegada ao poder de Hitler no ano 1933, tamén se vai poder apreciar un cambio radical nas dinámicas das relacións internacionais. Aquí, tras o abandono alemán da Sociedade de Nacións, as limitacións impostas polo Tratado de Versalles irán quedando atrás ante o dobre obxectivo, declarado por Hitler, de crear unha Alemaña que aglutine toda a poboación de orixe xermánica e de dotala dun espazo vital para abastecela, controlando os territorios do leste de Europa. En 1935, logo de celebrar un referendo auspiciado pola Sociedade das Nacións, procederá a anexionar a rexión do Sarre e a restablecer o servizo militar obrigatorio. Ante a pasividade das democracias internacionais, en 1936 ocupará a zona desmilitarizada de Renania e, en 1938, as tropas alemás entrarán en Viena procedendo posteriormente á incorporación de Austria ao Reich no denominado *Anschluss*.




Adulacións a Hitler en Bad Godesberg (autor descoñecido-CC BY SA 4.0)

En 1935, a Italia fascista decide invadir Etiopía, algo que provoca a condena da Sociedade das Nacións e que levará este país a abandonar este organismo internacional e a estreitar as relacións coa Alemaña nazi. Este reforzamento das relacións entre Italia e Alemaña dará lugar, no ano 1936, á formación do **Eixo Roma-Berlín**. Este tratado de amizade, onde

se comprometían a seguir unha política exterior común, atopou na Guerra Civil española un contexto adecuado para poñerse en práctica, apoiando de maneira decidida e determinante, e en contra dos acordos de non intervención internacionais, o bando liderado polo xeneral Franco. Tamén no ano 1936, Alemaña e Xapón asinarán o **Pacto Anticomintern**, ao cal se unirá posteriormente Italia e co que a relación entre as potencias do Eixo Roma-Berlín-Toquio quedaba configurada de maneira definitiva.

A debilidade das democracias occidentais e a súa incapacidade para frear as ambicións expansionistas de Alemaña faranse evidentes na **Conferencia de Múnic**, no ano 1938. Aquí, o Reino Unido e Francia aceptaron que Alemaña incorporase a rexión dos Sudetes, pertencente a Checoslovaquia, que era contraria a esta medida. Esta debilidade permitiulle posteriormente a Alemaña provocar a disolución do país enteiro, favorecendo a independencia de Eslovaquia e creando no resto do territorio un protectorado alemán. Por se isto aínda non for suficiente, pouco despois lanzou un ultimato contra Lituania, do que conseguiu, sen a oposición do resto de potencias europeas, os territorios de Memel.



Conferencia de Múnic (Bundesarchiv, Bild 183-R69173-CC BY SA)

En 1939 prodúcese a invasión italiana de Albania, coa conseguinte anexión deste territorio ao imperio italiano. Tamén neste ano e ás portas xa da II Guerra Mundial, Italia e Alemaña asinan o **Pacto do aceiro**, onde se establecía o apoio mutuo en caso de guerra.

O paso definitivo para a guerra foi o **Pacto xermano-soviético** de non agresión, onde acordan a repartición de Polonia. En agosto de 1939, ambos os Estados deixan de lado as súas diferenzas ideolóxicas e acordan repartirse Polonia. A pesar de que a Unión Soviética era o seu inimigo declarado, con este pacto, Alemaña, que xa tiña o conflito contra Francia e o Reino Unido en mente, pretendía evitar unha guerra en dúas fronteas, mentres que a Unión Soviética procuraba ganar tempo para desenvolver a súa industria de guerra.

O 1 de setembro de 1939 Alemaña invade Polonia, e dous días despois, Francia e o Reino Unido decláranlle a guerra, dando inicio á II Guerra Mundial.



EXERCICIOS

Exercicio 1

As primeiras manifestacións de expansionismo agresivo para saír da crise na década de 1930 imos a atopalas en...

- a) África.
- b) Alemaña.
- c) Extremo Oriente.
- d) Estados Unidos.

Exercicio 2

Na Conferencia de Múnic aprobouse...

- a) A repartición de Polonia entre a Unión Soviética e Alemaña.
- b) A anexión de Albania por Italia.
- c) A ocupación xaponesa de Manchuria.
- d) A anexión dos Sudetes a Alemaña.

Exercicio 3

Di se as seguintes afirmacións son correctas. En caso de non selo, debes corrixilas.

- Alemaña conquista Albania no ano 1939.
- Xapón creou en Manchuria un estado satélite denominado Manchukuo.
- A Sociedade das Nacións apoiou a ocupación italiana de Etiopía.

2. CARACTERÍSTICAS XERAIS E DESENVOLVEMENTO DO CONFLITO

2.1. Características xerais

A Segunda Guerra Mundial foi o conflito armado máis importante da historia, tanto polo número de países implicados como polos seus catastróficos custos demográficos e económicos. A súa duración estendeuse dende o 1 de setembro de 1939, coa invasión alemá de Polonia, ata o 2 de setembro de 1945, momento da rendición de Xapón. Nel participaron directamente máis de 100 millóns de persoas, de máis de 30 países, divididos en dous bandos: o Eixo, liderado por Alemaña, Xapón e Italia; e os aliados, entre os que destacaron o Reino Unido, Francia, a Unión Soviética e, a partir de 1941, os Estados Unidos.

Esta guerra ten as súas fronteiras principais en Rusia, en Europa occidental, no Extremo Oriente asiático e no Pacífico. De maneira secundaria, o conflito tamén acadou o norte de África, o sueste asiático e incluso Oceanía.

Tamén debe ser considerada unha guerra total, xa que no seu afán por resultaren vitoriosos, os principais países implicados puxeron á disposición do esforzo bélico todos os recursos dispoñibles, involucrando o conxunto da poboación sen distinción entre militares e civís. De feito, as mortes de civís serán outra das características do conflito. Os bombardeos indiscriminados de cidades buscando causar o maior dano posible entre a poboación civil foron comúns en ambos os bandos, destaca, polo lado do Eixo, o



Dresde despois dos bombardeos aliados (Autor descoñecido-CC-BY-SA 3.0)

bombardeo das cidades do Reino Unido, ou polo lado aliado, a destrución de Dresde. Mención á parte merece o lanzamento de dúas bombas atómicas sobre as cidades de Hiroshima e Nagasaki por parte dos Estados Unidos, os primeiros e únicos ataques nucleares da historia ata o momento, onde os máis de 350.000 mortos foron na súa maioría civís.

Por último, non podemos pasar por alto que durante este conflito Alemaña puxo en marcha a "solución final". Un plan deseñado para exterminar de maneira metódica e desapiadada os xudeus europeos, o cal se deu en chamar o **holocausto**. Un holocausto que tamén afectou a poboación xitana e os homosexuais e que rematou coa vida, en campos de exterminio como Auschwitz ou Treblinka, de máis de seis millóns de seres humanos.

2.2. Desenvolvemento do conflito

A evolución do conflito podemos sintetizala en tres etapas principais. A primeira, entre o ano 1939 e 1941, caracterizarase polo avance sistemático e as vitorias continuas das tropas do Eixo. O ano 1942 e os principios de 1943 suporán un punto de inflexión importante no conflito, xa que as vitorias dos aliados, especialmente a vitoria soviética en Stalingrado, comezarán a darlle a volta á situación. Finalmente, dende o ano 1943 ata o 1945, será o retroceso das tropas do Eixo, primeiro coa rendición italiana, despois coa caída de Berlín e, finalmente, coa rendición de Xapón, que porá fin á guerra.

As ofensivas do Eixo (1939-1941)

Esta primeira etapa está marcada polas vitorias continuas das tropas do Eixo, especialmente as de Alemaña. Á rápida conquista de Polonia seguiulle, a principios de 1940, o control do Báltico coa invasión de Dinamarca e Noruega. En maio deste mesmo ano chega a conquista dos Países Baixos e Bélxica, que anticipan a conquista de Francia. Esta, que se conseguiu en tan só 10 días, ante a impotencia aliada, propiciou a división do país en dúas metades, unha baixo control directo alemán e outra, colaboracionista cos nazis, con capital en Vichy e baixo o control do Mariscal Pétain.

O seguinte paso de Alemaña foi lanzar a batalla de Inglaterra, que tivo lugar entre 1940 e 1941, onde levou a cabo ataques masivos contra a poboación civil no Reino Unido, nun intento de dobralos. Porén, a efectividade das defensas británicas e a súa capacidade de resistencia supuxo o primeiro revés para os alemáns nesta fase da guerra.

Noutras fronteas secundarias, Italia lanza unha ofensiva sobre o norte de África na procura do control da Canle de Suez. Tamén intenta invadir Grecia. Ambas as ofensivas resultan un fracaso e obrigan os alemáns a desprazar as tropas cara a esas zonas para rematar o traballo.

Paralelamente, outros territorios como Hungría, Bulgaria e Romanía asinan pactos coas potencias do Eixo, co cal, entre 1939 e 1941, Alemaña consegue o control, directo ou indirecto, de case toda Europa, coa excepción da Unión Soviética e do Reino Unido.

Ante o control de todo o Occidente europeo, no verán de 1941, Hitler decide invadir a Unión Soviética. Alemaña confiaba nunha vitoria rápida durante o verán, pero a resistencia soviética vai supoñer un revés para os intereses dos nazis e abrirá as portas dun longo conflito que resultará determinante na guerra.

Por último, en decembro de 1941, dous novos actores entran en combate, Xapón e os Estados Unidos. Así abríase o que se deu en chamar a Guerra do Pacífico. Xapón atacou por sorpresa os EE.UU. E destruíu a frota atracada en Pearl Harbour. O principal motivo deste ataque era responder ao bloqueo comercial decretado polos Estados Unidos ante a agresiva política expansionista posta en marcha por Xapón.

O punto de inflexión do conflito (1942 e comezos de 1943)

Os éxitos das potencias do Eixo rematan neste momento nas distintas fronteiras. Unha serie de batallas daranlle a volta á guerra, que quedará encarrilada cara a unha vitoria aliada.

A batalla de Midway, en xuño de 1942, supuxo o desquite americano tras Pearl Harbour.

A batalla do Alamein, en outubro de 1942, onde ten lugar a vitoria británica sobre os alemáns que provoca a retirada definitiva das forzas do Eixo do norte de África.

A batalla de Stalingrado, entre agosto de 1942 e febreiro de 1943, foi a batalla máis cruenta da II Guerra Mundial e deixou máis de 2 millóns de mortos. A vitoria soviética é determinante para o

devir posterior do conflito, xa que supuxo a derrota total das tropas alemás na fronte do leste e propiciou o avance imparabile soviético cara a Berlín.



Colaxe da batalla de Stalingrado (Patty BOYY-CC BY-SA 4.0)

As ofensivas aliadas e a fin da guerra (1943-1945)

En xullo de 1943, as tropas aliadas, revitalizadas pola chegada de armas e dos soldados estadounidenses, invaden Italia polo sur. A pesar de que o avance foi freado polos alemáns en Montecassino, supuxo a rendición de Italia e a destitución de Mussolini, que foi enviado á prisión, aínda que posteriormente foi liberado por un comando alemán. O país divídese en dous e créase na parte controlada polos nazis a República Social Italiana.

En 1944, os soviéticos sitúanse ás portas de Alemaña e a guerra parece estar xa decidida. A cuestión agora é ver quen vai controlar máis territorio tras a fin do conflito. Isto é o que dará lugar ó **desembarco de Normandía**, o 6 de xuño dese mesmo ano, onde as tropas aliadas conseguirán entrar no continente, liberar Francia e avanzar decididos cara a Alemaña, intentando minimizar a expansión soviética.

A finais de abril, Mussolini é capturado e axustizado polos partisanos italianos. Poucos días despois, Hitler suicídase no seu búnker. A fin da guerra en Europa chega o 8 de maio de 1945 coa caída definitiva de Berlín nas mans do exército soviético e a rendición da Alemaña nazi.

A guerra prolongouse no Pacífico, onde os xaponeses mostraban unha forte resistencia ante o avance dos Estados Unidos. As dificultades para avanzar e o alto número de baixas foi o que fixo que os americanos se decidisen a lanzar as bombas atómicas sobre Hiroshima, o 6 de agosto, e posteriormente sobre Nagasaki, o 9 de agosto. O 2 de



setembro, Xapón asina a súa rendición incondicional poñendo o remate definitivo á II Guerra Mundial.

EXERCICIOS

Exercicio 4

Di se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas. En caso de seren falsas, debes corrixilas.

- a) A Segunda Guerra Mundial foi o conflito armado máis importante da historia.
- b) A "*solución final*" foi o plan levado a cabo polos aliados para conquistar Berlín.
- c) Ata 1943 as vitorias dos aliados foron o común.
- d) Stalingrado foi unha batalla sen importancia na Segunda Guerra Mundial.

Exercicio 5

Cita cales foron as fronteas onde se desenvolveu a II Guerra Mundial.

Exercicio 6

Xapón atacou por sorpresa os Estados Unidos en Pearl Harbour en resposta...


- a) Ao expansionismo americano no Extremo Oriente.
- b) Ao lanzamento das bombas atómicas en Hiroshima e Nagasaki.
- c) Ao bloqueo comercial decretado polos Estados Unidos contra Xapón.
- d) Ao desembarco de Normandía.

3. A ORGANIZACIÓN DA PAZ E AS CONSECUCIAS DO CONFLITO

3.1. As conferencias de paz

No momento en que a vitoria dos aliados na II Guerra Mundial parece imparabile, estes comezarán a planificar como vai ser o mundo unha vez rematados os combates, a través dunha serie de conferencias internacionais.

- **Conferencia de Ialta**, en febreiro de 1945. Nela decídese a repartición de Alemaña entre os países vencedores en zonas de ocupación. Tamén se confirma a anexión dos países bálticos e o leste de Polonia á URSS.
- **Conferencia de San Francisco**, abril-xuño de 1945. Reúne máis de 50 países e ten como acordo principal a creación da Organización das Nacións Unidas (ONU). O seu obxectivo principal será o mantemento da paz e da seguridade internacional a través da cooperación pacífica entre os pobos.
- **Conferencia de Postdam**, xullo de 1945. Establécense as reparacións de guerra que vai pagar Alemaña. Tamén se decide organizarlles un xuízo aos líderes nazis en Núremberg. A cuestión máis polémica foi determinar a división de Alemaña en catro zonas e a partición de Berlín en dúas metades.



Stalin, Truman e Churchill na Conferencia de Ialta (autor descoñecido-dominio Público)



3.2. As consecuencias do conflito

As consecuencias da Segunda Guerra Mundial son moi amplas e variadas. As máis importantes podemos sintetizalas da seguinte maneira:

- **A nivel demográfico.** Preto dos 60 millóns de mortos e 70 millóns de feridos. 40 millóns de desprazados. Caída drástica da natalidade.
- **A nivel económico.** Destrucción masiva de infraestruturas básicas como vivendas ou vías de comunicación en toda Europa. Redución dramática da produción agrícola e industrial.
- **Cambios territoriais.** Transformacións importantes no mapa de Europa. División de Alemaña entre a República Federal Alemá (RFA) e a República Democrática Alemá (RDA). Ampliación das fronteiras da URSS coa incorporación dos Estados bálticos e parte de Polonia. A desaparición progresiva dos grandes imperios coloniais, especialmente do francés e do inglés, provoca que os cambios territoriais vaian estendéndose progresivamente a outros continentes.
- **Cambios políticos.** Creación dun mundo bipolar. O bloque socialista, liderado pola Unión Soviética, e o bloque occidental, liderado polos Estados Unidos. Esta división do mundo dará lugar a unha gran rivalidade que abrirá as portas á Guerra Fría e que se estenderá durante toda a segunda metade do século XX.

EXERCICIOS

Exercicio 7

Na Conferencia de San Francisco decídese...

- a) A división de Berlín en dúas metades.
- b) A organización dun xuízo aos nazis en Núremberg.
- c) A creación da Organización das Nacións Unidas (ONU).
- d) A anexión dos países bálticos á URSS.

Exercicio 8

Unha das consecuencias políticas da II Guerra Mundial foi...

- a) A creación dun mundo bipolar e a Guerra Fría.
- b) A fin dos conflitos bélicos no mundo.
- c) A supremacía francesa sobre Europa.
- d) O auxe de Italia.



SOLUCIÓNS

Exercicio 1

As primeiras manifestacións de expansionismo agresivo para saír da crise na década de 1930 imos a atopalas en...

- a) África.
- b) Alemaña.
- c) **Extremo Oriente.**
- d) Estados Unidos.

Exercicio 2

Na Conferencia de Múnic aprobouse...

- a) A repartición de Polonia entre a Unión Soviética e Alemaña.
- b) A anexión de Albania por Italia.
- c) A ocupación xaponesa de Manchuria.
- d) **A anexión dos Sudetes a Alemaña.**

Exercicio 3

Di se as seguintes afirmacións son correctas. En caso de non selo, debes corrixilas.

- **Falso.** Italia conquista Albania no ano 1939.
- **Verdadeiro**
- **Falso.** A Sociedade das Nacións condenou a ocupación italiana de Etiopía.

Exercicio 4

Di se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas. En caso de seren falsas, debes corrixilas.

- a) **Verdadeiro.**
- b) **Falso.** A "solución final" foi o plan levado a cabo por Alemaña para exterminar de maneira sistemática os xudeus.
- c) **Falso.** Ata 1943 as vitorias do Eixo foron continuas.
- d) **Falso.** Stalingrado foi unha batalla determinante na Segunda Guerra Mundial.



Exercicio 5

Cita cales foron as fronteiras onde se desenvolveu a II Guerra Mundial.

As fronteiras principais foron en Rusia, en Europa occidental, no Extremo Oriente asiático e no Pacífico. De maneira secundaria, o conflito tamén acadou o norte de África, o sueste asiático e incluso Oceanía.

Exercicio 6

Xapón atacou por sorpresa os Estados Unidos en Pearl Harbour en resposta...

- a) Ao expansionismo americano no Extremo Oriente.
- b) Ao lanzamento das bombas atómicas en Hiroshima e Nagasaki.
- c) **Ao bloqueo comercial decretado polos Estados Unidos contra Xapón.**
- d) Ao desembarco de Normandía.

Exercicio 7

Na Conferencia de San Francisco decídese...

- a) A división de Berlín en dúas metades.
- b) A organización dun xuízo aos nazis en Núremberg.
- c) **A creación da Organización das Nacións Unidas (ONU)**
- d) A anexión dos países bálticos á URSS.

Exercicio 8

Unha das consecuencias políticas da II Guerra Mundial foi...

- a) **A creación dun mundo bipolar e a Guerra Fría.**
- b) A fin dos conflitos bélicos no mundo.
- c) A supremacía francesa sobre Europa.
- d) O auxe de Italia.